



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Os segadores de Camba
cando baixamos á Ulla,
xa levámo-los fouchiños
con moi pouca carabuña.

E si o amo se marcha
e deixa de vixilar,
botámo-la mau á pedra
e empezamos a afiar:
run, run, run...

- Dos fouchiños. (Rin).
- Sigue, sigue, está moi ben.
- Outra máis, tamén do ...

Pero se o amo non marcha
e deixa de vixilar...

- Ai, esta é “se o amo se marcha”. Como era?

Cando cheghamos a Pres
e encontramos a Dolores,
viña cun cesto de berzas
pra comer os seghadores.

- E o amo se non marcha e deixa de vixilar... non, non é esa. Como decía? “Sáino-la augha a puños, sáino-lo sudor a puños pola cruz dos pantalós”, a ver si me acordo do principio. “Marcha”... como era?

E cando o amo nos vixila
seghamos coma pra nós,
sáino-la augha a puños
pola cruz dos pantalós.